

II CERTAME DE
CREACIÓN AUDIOVISUAL PARA A MOCIDADE
CIDADES PATRIMONIO DA
HUMANIDADE DE ESPAÑA

A MIÑA CIDADE É
PATRIMONIO DE TODOS



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

SECRETARÍA
DE ESTADO
DE CULTURA



25 
ANIVERSARIO **Ciudades Patrimonio
de la Humanidad**
ESPAÑA | UNESCO



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura



Patrimonio Mundial
en España

II CERTAME DE CREACIÓN AUDIOVISUAL PARA A MOCIDADE CIDADES PATRIMONIO DA HUMANIDADE DE ESPAÑA

A MIÑA CIDADE É PATRIMONIO DE TODOS

Organizado polo GRUPO DE CIDADES PATRIMONIO DA HUMANIDADE DE ESPAÑA (GCPHE) en colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

O Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España (GCPHE) celebra ao longo de 2018 o 25 aniversario da súa creación. Dende 1993, as 15 cidades que o compón (**Alcalá de Henares, Ávila, Baeza, Cáceres, Córdoba, Cuenca, Ibiza/Eivissa, Mérida, Salamanca, San Cristóbal de la Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Tarragona, Toledo e Úbeda**) veñen traballando conxuntamente para conservaren, divulgaren e promoveren en todo o mundo a súa inmensa riqueza patrimonial, uns tesouros que lles levaron a figuraren nun lugar de honra na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO.

Un dos obxectivos prioritarios para o GCPHE é difundir entre a mocidade o valor deste patrimonio cultural que se atopa na súa contorna, ben como a necesidade de colaborar na súa preservación e mantemento. Por iso, e neste ano 2018 no que España e o resto de países da Unión Europea celebran o Ano Europeo do Patrimonio Cultural, o GCPHE convoca a segunda edición do seu Certame Audiovisual dirixido á mocidade de entre 16 e 30 anos co que queren, asemade de propiciar un maior coñecemento e sensibilización cara as 15 Cidades Patrimonio, fomentar o uso das novas tecnoloxías, desenvolver a creatividade no eido da imaxe e estimular a capacidade de observación da contorna da cidade.

BASES

DESCRIPCIÓN

Concurso de produción de vídeos/curtametraxes dirixido á mocidade de entre 16 e 30 anos de idade sobor as Cidades Patrimonio da Humanidade de España: **Alcalá de Henares, Ávila, Baeza, Cáceres, Córdoba, Cuenca, Ibiza/Eivissa, Mérida, Salamanca, San Cristóbal de la Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Tarragona, Toledo e Úbeda.**

OBXECTIVOS

- Que a mocidade á que vai dirixido adquira un maior coñecemento do concepto Patrimonio Mundial e da declaración da UNESCO pola que a súa cidade foi incluída na Lista do Patrimonio Mundial.
- Provocar na mocidade un sentimento de pertenza e fachenda en relación ao Patrimonio Mundial e, ao mesmo tempo, darlles a oportunidade de ofrecerem a súa visión persoal a este respecto por medio da súa cidade.
- Facer que contribúan no proceso de conservación e valorización das cidades recoñecidas como Patrimonio Mundial.
- Fomentar a creación audiovisual entre a xente moza.

PARTICIPANTES E REQUISITOS

- O concurso establece dúas categorías, rapazas e rapaces de 16 a 18 anos, e de 19 a 30 anos.
- Cada participante só poderá presentar unha obra.
- Calquera persoa que envíe as súas obras co gallo do presente concurso terá que garantir ser o seu autor ou autora exclusivo e non estar a violar, directa ou indirectamente, os dereitos de terceiras persoas, sendo unicamente súa a responsabilidade do incumprimento desta cláusula. No caso dos menores de idade, estes terán que presentar unha autorización dos pais ou titores para participaren. A propiedade intelectual das obras será do GCPHE.
- A participación no concurso implica autorizarlle ao GCPHE para que empregue as obras recibidas nas redes sociais institucionais, na web corporativa oficial e en calquera outra actividade expositiva ou divulgativa organizada polo grupo.

FORMA DE PARTICIPACIÓN

Para a categoría de 16 a 18 anos:

- A inscrición canalizarase por medio das concellerías de Xuventude ou centros xuvenís municipais das 15 cidades que compón o GCPHE, que han remitir o formulario de inscrición e a obra ao GCPHE. A participación poderá ser a título individual ou en equipos formados por un máximo de 3 mozos e/ou mozas. Cada concellería ou centro xuvenil municipal recibirá os traballos (un por participante ou equipo). En canto o GCPHE reciba a proposta, enviarase un correo electrónico de confirmación.
- O centro ou concellería enviará os traballos participantes por medio do sistema interno que estableza o GCPHE.
- O participante será responsábel de subir a súa proposta a unha das dúas canles máis empregadas, YouTube ou Vimeo, publicando a súa proposta na súa canle en modo aberto e comunicándolle ao GCPHE a ligazón de visualización do traballo ao inscribirse no certame. A aceptación das bases confirmase automaticamente coa entrega do formulario de inscrición e a ligazón do vídeo.

Para a categoría de 19 a 30 anos:

- A inscrición farase directamente a través da páxina web do Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade de España, cubrindo o formulario que hai dispoñíbel no enderezo <http://ciudadespatrimonio.org/cuidadodelpatrimonio/formulario-participacion-gal.php>
- O GCPHE enviará un correo de confirmación coa recepción das propostas ou, pola contra, informando da falta ou erro na información para que se corrixa.
- En ningún caso se acollerán as propostas na páxina web do GCPHE, o usuario é responsábel de subir a súa proposta a unha das dúas canles máis empregadas, YouTube ou Vimeo, publicando a súa proposta na súa canle en modo aberto e enviando a ligazón da súa proposta na solicitude de inscrición, de tal xeito que a páxina do GCPHE acollerá a ligazón de visualización dos traballos.
- A aceptación das bases confirmase automaticamente co envío da ligazón do vídeo e o formulario de inscrición.

TEMAS

- O tema é único: 'A miña cidade é patrimonio de todos'.
- As obras deberán realizarse integramente cun teléfono intelixente.
- Valorarase especialmente a creatividade, a calidade e outros aspectos que se poidan ter en conta.
- É obrigatorio titular a obra. Non se aceptará o título "Sen título" ou similares.
- Cada participante só poderá presentar unha obra cunha duración máxima de 3 minutos.
- Os vídeos deberán ser inéditos e orixinais. Calquera plaxio será responsabilidade dos participantes, debendo subscribir un documento de declaración responsable, que no caso dos concursantes menores de idade deberá levar a firma do seu pai, nai, ou titor.
- As obras deberán presentarse en formato mpeg4 ou outros compatíbeis con plataformas coma YouTube, Whatsapp, etc.
- Non se aceptarán vídeos con imaxes violentas, denigrantes, vexatorias ou insultantes, ou que por calquera motivo non inherente á narración, poidan ser de mal gusto. A organización do certame resérvase tamén o dereito a non incorporar aquelas curtametraxes que poidan atentar contra os dereitos humanos.
- Os vídeos deben presentar elementos visuais identificábeis da cidade e destacar o seu Valor Universal Excepcional que as fixo merecedoras de seren declaradas Patrimonio Mundial.
- As historias que non se rodasen en castelán (acéptanse todas as linguas oficiais de España) deberán levar obrigatoriamente subtítulos nesta lingua.
- A organización pode pedirlle ao autor do vídeo que demostre ser el quen o realizou e ubicou na web, de existir algunha sospeita de plaxio ou copia doutras curtametraxes.
- O autor ou autores son os únicos responsábeis da película e de todo o que nela se inclúa, a organización nega toda responsabilidade legal en canto ao seu contido.
- Os dereitos sobre as curtametraxes premiadas pasarán a ser propiedade do GCPHE, que poderá difundilas nas súas redes sociais e outras canles propias, así coma nas canles das 15 cidades que compón a rede. En ningún caso esta difusión terá fins comerciais.

PLAZO

O prazo de recepción de obras pechará o **1 de xuño de 2018**.

SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

- Todas as curtametraxes expóranse na páxina web para que o xurado poida coñecerlas e valoralas.
- A organización do certame resérvase o dereito a mantelas na súa páxina web o tempo que estime oportuno.
- Os traballos recibidos serán visualizados polo xurado nos días seguintes ao fin do prazo de recepción dos vídeos.
- O xurado premia a creatividade, orixinalidade e composición das curtas, así coma o guión e os recursos técnicos.
- O xurado que adxudica os premios vai ser o grupo de traballo de Comunicación do GCPHE e a Comisión de Patrimonio do GCPHE.
- A resolución dos premios publicarase antes do día 30 de xuño de 2018 e o GCPHE publicará o nome e os traballos gañadores por medio das súas redes e diferentes canles.

PREMIOS

Categoría de 16 a 18 anos

- Equipamento de medios audiovisuais para o centro xuvenil municipal ou concellería de Xuventude na que se inscribise o gañador, por valor de 3000 euros.
- Un teléfono intelixente de última xeración valorado aproximadamente en 1000 euros (no caso de resultar gañadora unha obra realizada por un equipo de tres membros, farase entrega dun teléfono intelixente a cada un dos seus integrantes).

Categoría de 19 a 30 anos

- Primeiro premio: 2000 euros
- Segundo premio 1500 euros
- Terceiro premio 1000 euros

O concurso poderá ser declarado deserto no caso de que ningún dos proxectos presentados resulte suficientemente satisfactorio para os obxectivos do concurso.

PROPIEDAD INTELECTUAL

- Conforme co previsto na Lei de Propiedade Intelectual, os participantes premiados, sen prexuízo dos dereitos morais que lles corresponden, cédennlle de forma expresa ao GCPHE, de balde e coa facultade de cesióna terceiros, os dereitos patrimoniais de explotación das obras presentadas ao concurso. Esta cesión será da máxima duración dos dereitos legalmente establecida.
- O GCPHE comprométese a exercitar os dereitos de explotación conforme aos bos usos e con estrito respecto aos dereitos morais dos autores das obras.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso leva implícita a aceptación total das bases así como do xurado e a súa resolución. A organización do concurso resérvase o dereito de tomar decisións non reflectidas nas presentes bases. As decisións que tome o xurado non poderán ser impugnadas e estará facultado para resolver calquera situación non prevista nas bases na forma que considere oportuna. No caso de que o GCPHE detecte calquera anomalía, actuación irregular ou sospeite que un participante está a impedir o normal desenvolvemento do concurso, poderá de forma unilateral eliminar a inscrición dese participante. Do mesmo xeito, a Rede de Cidades Patrimonio, no suposto de que reciba queixas por algunha participación das categorías poderá retirala após analizala. Para incidencias técnicas no envío do material ou información do concurso deberá contactar con:

secretaria@ciudadespatrimonio.org
gerencia@ciudadespatrimonio.org



MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

SECRETARÍA
DE ESTADO
DE CULTURA

